



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 21 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 19 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste ao punto 1a)

Vocais:
D^a. Margarita Parajó Calvo
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 3a)
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b, 3b, 4c, 4d, 4e, 5c e 6c)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3c, 3d, 4c, 4d e 5a)
D. Miguel Fidalgo Iglesias

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 14 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 14 de setembro de 2016 cos votos a favor de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura da documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333) (emenda documentación)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 16 de setembro se requiriu



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a emenda da documentación persoal ás seguintes empresas: REALTURF SYSTEMS, SL, LIMONTA SPORT IBERICA, SL, CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL, CONSTRUCTORA EDISERPO, SL, NAROM, SL, HORDESCON, SL, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL e PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA. Das empresas requiridas presentaron documentación, dentro do prazo concedido, NAROM, SL, CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, REALTURF SYSTEMS, SL, LIMONTA SPORT IBERICA, SL e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL.

Tras a cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento ás empresas NAROM, SL, CONSTRUCCIONES FECHI, SLU e REALTURF SYSTEMS, SL por ter emendado a documentación persoal conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.
2. Excluir ás seguintes empresas do procedemento aberto para a contratación das obras de Instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333) polos seguintes motivos:

Licitador	Motivo exclusión
LIMONTA SPORT IBERICA, SL	A escritura que achegan para emendar a documentación persoal (faltaba o obxecto social) correspóndese a unha empresa distinta do licitador (Greenfloor, SL) e, así mesmo, o obxecto social que nela figura non se corresponde co do obxecto deste contrato
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL	Presentan clasificación para acreditar a solvencia técnica e profesional, se ben a clasificación non só non se esixe neste procedemento, senón que non se permite como medio alternativo para acreditar a solvencia (cláusula 8 e apartado 6 das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares)
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL	Non emendan a documentación persoal no prazo concedido
CONSTRUCTORA EDISERPO, SL	Non emendan a documentación persoal no prazo concedido
HORDESCON, SL	Non emendan a documentación persoal no prazo concedido
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	Non emendan a documentación persoal no prazo concedido

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333) (emenda documentación)

A secretaria informa aos membros da Mesa que na sesión do 14 de setembro de 2016, na que tivo lugar a apertura da documentación persoal dos licitadores que concorreron a este procedemento, non se abriu, por erro, o sobre A presentado pola empresa Naturf Develop, SL. En consecuencia, procédese en primeiro lugar á apertura deste sobre.

Revisada a declaración responsable presentada pola empresa Naturf Develop, SL, a Mesa acorda outorgarlle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda, pois no punto 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

declaran coñecer e aceptar un prego que non se corresponde co que rexe esta contratación.

Aínda que no exterior do sobre consta “Obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña”, no punto 1 do Anexo II (declaración responsable) declara “Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións que serven de base ao contrato de Obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina-Castrelos e que os acepta incondicionalmente”. Tamén neste anexo se fai constar o número de expediente 15.121-333 (correspondente ao campo de fútbol do Campo da Mina), en lugar do 15.119-333.

3.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106)

Incorpórase á sesión D. Alberto Escariz Couso.

A secretaria dá conta do escrito presentado pola empresa SIELVIGO, SL de data 16 de setembro de 2016 (registro de entrada nº 160123052) no que indica “ante la falta de respuesta y vistos los plazos que se están dilatando y la necesidad para cumplir plazos necesarios, rogamos continúen con el procedimiento ya que las circunstancias expuestas en el escrito anterior han cambiado y podemos cumplir con propuesta técnica presentada”.

Os membros da Mesa fan constar en relación con “ante la falta de respuesta” que na súa sesión do 16 de setembro de 2016 se adoptou un acordo que foi notificado á empresa o mesmo día (registro de saída nº 23.440), polo que si houbo resposta, sen prexuízo de que puideran cruzarse os escritos de ambas partes.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 19 de setembro de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. MONTAJES J M IGLESIAS, SL
5. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL
7. ORESA, SL
8. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
9. COPCISA, SA
10. NAROM, SL
11. CONSTRUCCIONES VALE, SL

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)

En acto público abriuse o sobre C “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

1. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA: *“Propone como precio unitario (sin IVA) del contrato el de 14,23 euros, siendo la cuota correspondiente al IVA la de 0,57 euros, lo que supone un precio total de 14,80 euros”*
2. OHL SERVICIOS INGESAN, SA: *“Propón como prezo unitario (sin IVE) do contrato o de 14,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,60 euros, o que supón un prezo total (con IVE) de 15,48 euros”*
3. CLECE, SA: *“Propone como precio unitario (con IVA) del contrato el de 14,07 euros (catorce euros con siete céntimos), siendo la cuota correspondiente al IVA la de 0,54 euros (cincuenta y cuatro céntimos de euros) o que supone un precio total de 18.079.556,53 euros (IVA incluido)”*

Todas as empresas achegan neste sobre o orzamento desglosado esixido no apartado 7B das follas de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación

Asisten á sesión pública D^a. Rosa María Álvarez Rodríguez, con DNI 36.030.869-N, D^a. María Fernanda Peleteiro Ogando, con DNI 36.058.176-Q, D. María Rosa Couto Carreiro, con DNI 36.040.640-P, en representación do comité da empresa CLECE, SA; D. José Antonio Virola, con DNI 53.180.518-X, D^a. Elsa Sotelino Couñago, con DNI 36.048.224-W e D^a. María Luisa Lorenzo Pérez, con DNI 34.876.851-L, en representación de CLECE, SA; e D^a. Cristina Calviño Deus, con DNI 53.169.855-L, en representación de OHL SERVICIOS INGESAN, SA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106)

En acto público abriuse o sobre C “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” da única oferta presentada e admitida co seguinte resultado:

SIELVIGO SL	Oferta
Incremento arcos e motivos	20
Incremento arcos	10
Incremento motivos	10





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Prezo contrato	1.088.612,76 euros* (con IVE)
Incremento stock seguridade (porcentaxe)	0,50%
Ficha características	si
Presentación cadro de custos	si

* Cómpre sinalar que a proposición económica da empresa indica, en letra e en número, o prezo total do contrato do seguinte xeito: "o que supón un prezo total do contrato de un millón oitenta e oito mil seiscentos doce euros con setenta e seis céntimos (1.088.932,76 euros)". Non coincide, pois, a letra co número, prevalecendo a letra sobre o número (Recomendación 4/2001, do 22 de marzo, da Comisión Consultiva da Xunta de Andalucía), que en todo caso, coincide coa suma do prezo do contrato proposto máis o IVE. No entanto, a oferta excede do orzamento base de licitación (900.000 euros).

Asiste á sesión pública o representante de SIELVIGO, SL, D. Rubén Galiñanes Fernández, con DNI 53.182.607-Y.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe ao servizo xestor e propón a comprobación das publicacións ou anuncios oficiais por se contivesen algún erro que puidera influír na oferta do licitador.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)

En acto público abriuse o sobre C "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Empresas licitadoras	Prezo	Incremento prazo garantía
REALTURF SYSTEMS S L	157.058,00 €	85
SPORT EQUIPALIA, S L	181.201,43 €	144
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L	174.845,00 €	48
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	164.179,47 €	132
MECANO SPORT, S L	161.791,74 €	132
NATURF DEVELOP, S L	176.275,72 €	132
MONDO IBERICA, S A	160.928,79 €	156
OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, S L	153.769,03 €	120
NAROM, S L	153.386,99 €	69



Asisten á sesión pública: D. Guillermo Villar Díaz, con DNI 36.050.939-B, en representación de Mecanosport, SL; D. Serafín Domínguez Santome, con DNI 36.054.111-R, en representación de Limonta Sport, D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de Construcciones Fechi, SLU; D. Manuel Rodríguez Hernández, con DNI 36.029.773, en representación de Mecanosport, SL; e D. Manuel Alonso Porto, con DNI 55.996.263, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

Non se trata este asunto porque no punto 2b se acordou requirir a emenda da documentación persoal á empresa Naturf Develop, SL.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)

En acto público abriuse o sobre C "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Empresas licitadoras	C/IVE	Incremento prazo garantía
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	426.244,82 €	-
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	416.368,72 €	48
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	393.078,80 €	88
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	383.743,19 €	120
CIVIS GLOBAL, SLU	420.840,42 €	72
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	411.013,02 €	156
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	404.822,03 €	120
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL	338.047,77 €	48
MONTAJES J M IGLESIAS, SL	428.701,00 €	48
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	438.528,02 €	52
ORESA, SL	401.923,07 €	60
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	406.836,56 €	120
COPCISA, SA	386.101,65 €	138
NAROM, SL	377.601,32 €	98
ELSAMEX, SA	411.750,04 €	144
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	449.582,76 €	55
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	488.253,00 €	1.000

Asisten á sesión pública D^a. María Caride Rial, con DNI 39.456.736-Y, en representación de COPCISA, SA, D. Antonio Soto, con DNI 36.121912-K, en representación de CONSTRUCCIONES FECHI, SLU e D. Manuel Alonso Porto, con DNI 55.996.263, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

f) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)

En acto público abriuse o sobre C "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" da única oferta presentada e admitida co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Licitador	Prezo	Mellora Subministro e instalación de (nº unidades) monitores táctiles 22" para utilizar con pizarra on line	Mellora Subministro e instalación de (nº unidades) PC Intel i5, i7 Ram e HDD 50 g (PC última xeración) ou similar	Incremento prazo garantía
EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, S L*	173.968,48 €	12	12	60

*Achega desglose dos prezos unitarios

Asiste á sesión pública D. Armando Pereira Firmes, con DNI 36.113.713-X, en representación de EKIPO, Sociedade Subministradora de mobiliario, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) (informe sobre C)

Faise entrega do informe asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns de data 16 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" e proposta de clasificación dos licitadores en orde descendente.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301) (informe sobre B)

Entrégase na Mesa o informe asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe da Área de data 21 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) (informe sobre B)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Faise entrega do informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 19 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

6.-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) (informe sobre C)

A Mesa acepta o informe asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns de data 16 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación dos licitadores en orde descendente.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301) (informe sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe da Área de data 21 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) (informe sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 19 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

7.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

Á vista do contido do informe do xefe de Montes, Parques e Xardíns de data 16 de setembro de 2016, onde se indica “a empresa que presenta a máxima puntuación e que presta actualmente o servizo de mantemento e conservación de zonas verdes (Althenia,S.L) esta sendo obxecto de apertura de expedientes de deficiencias no mantemento (8731/446, 8996/446, 8997/446, 9003/446, 9004/446, 9031/446, 9033/446, 9045/446 e 9055/446) con detracción económica por importe de 156.457,34 € e que actualmente se están tramitando no Servizo de Contratación para a súa valoración como expediente sancionador, o mesmo tempo que se iniciaron os trámites para unha Auditoría Externa sobre a situación actual das zonas verdes que no seu momento o Servizo de Contratación estimará si pode dar lugar a unha rescisión de contrato”, os membros da Mesa fan constar que non lles corresponde neste momento procedimental valorar esas cuestións.

En base ás actuacións desta Mesa de Contratación e aos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

“Primeiro.- Dar conta da exclusión, acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 24 de agosto de 2016, do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) aos seguintes licitadores,:

- CALFENSA PROYECTOS, SL, por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT e o apartado 7A das FEC do PCAP. O contido do plan presentado polo licitador expón unicamente as medidas en caso de prevención de riscos.
- SIFU,S.L. por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT e o apartado 7 A das FEC do PCAP.
- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL, por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT de acordo co esixido en dita cláusula, xa que considera só un operario oficial cando no PPT especificase que “nunca será inferior a 2 persoas e cos medios materiais necesarios”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntos totais
ALTHENIA, SL	97,25
AGRONERGA, SL	86,04
ELSAMEX, SA	81,18
ALVAC, SA	68,39
EULEN, SA	52,21

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.687,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:05 horas, logo dun receso de 5 minutos ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O presidente da Mesa

A secretaria

D. David Regades Fernández

D^a. Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:23	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC4A-E9B139-B9432C-4Y6C42-4AYU33-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		